

UGT CHAMA Á MOBILIZACIÓN O VINDEIRO MÉRCORES POLA REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL

Están convocadas concentracións ás 11.30 horas na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo

Redacción.- UGT chama á cidadanía a mobilizarse o vindeiro mércores, día 10, ás 11.30 horas pola redución da xornada laboral ás 37,5 horas.

Lembrar que a vindeira semana o Congreso dos Deputados votará a redución do tempo de traballo e, para visibilizar a necesidade de que se vote conforme aos intereses da clase traballadora, UGT e CCOO decidimos convocar mobilizacións en todo o país o vindeiro día 10.

Porque consideramos que as persoas traballadoras temos dereito a gozar da nosa vida e porque é o momento de acadar este logro para a clase traballadora..

Unha lexislación que garanta a redución da xornada laboral, non só supón recoñecer o dereito ao descanso e á conciliación da vida laboral e persoal, senón que vai supoñer impulsar un reparto máis xusto do tempo de traballo e dos beneficios xerados.

Ademais reforzase o dereito á desconexión e garantírase a implantación dun rexistro horario eficaz e veraz da xornada laboral, combatendo dunha vez por todas as horas extraordinarias que non se pagan, non se cotizan e non se declaran.

As innovacións tecnolóxicas derivadas da dixitalización da economía e da vida social xera numerosos desafíos e oportunidades para o crecemento económico e mellora do benestar dos traballadores. En tal sentido, as experiencias de redución da xornada de traballo permiten mellorar o benestar, físico e mental, das persoas traballadoras, con ganancias de eficiencia.

A evidencia científica afirma que traballar menos de 40 horas reduce notablemente o risco de cardiopatía isquémica (un 40%) e de accidente cerebrovascular (un 19%). Ademais, existe unha relación positiva entre as xornadas menos prolongadas e a produtividade: a menor xornada media semanal maior produtividade. De aí a multiplicación das experiencias de redución da xornada laboral en varios países e con diferentes solucións. Polo xeral, a avaliación destas experiencias é moi positiva, en termos de mellora do benestar das persoas traballadoras e de ganancia de produtividade.

CONCENTRACIÓNS EN GALICIA

A CORUÑA: 11.30 Delegación do Goberno

LUGO: 11.30 Subdelegación do Goberno

OURENSE: 11.30 Subdelegación do Goberno

PONTEVEDRA: 11.30 Subdelegación do Goberno

VIGO: 11.30 Rúa Urzáiz (A Farola)



GALICIA REXISTRA O MENOR NÚMERO DE PERSOAS EN PARO NUN MES DE AGOSTO DESDE 1996

PESE Á BOA MARCHA DO MERCADO LABORAL É NECESARIO INVESTIR EN POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO PARA COMBATER O PARO DE LONGA DURACIÓN

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social do mes de agosto, publicados esta semana, rexistran un descenso das persoas afiliadas e un aumento das persoas paradas respecto a xullo. Estes resultados reflicten unha tendencia estacional propia deste período.

A evolución do mercado de traballo vese moi influenciada polo momento do ano e as fluctuacións estacionais da actividade. Aínda así, o dato deste mes é o mínimo nun mes de agosto da serie histórica e a terceira menor cifra, tras o dato de xuño e xullo.

A pesar disto, o número de persoas desempregadas segue sendo elevado e debe seguir reducíndose. É necesario reformar e investir en políticas activas de emprego eficientes, que estean ben dotadas de recursos humanos e técnicos para poder desenvolver adecuadamente a orientación e intermediación laboral, incrementando así a empregabilidade das persoas desempregadas. Estes cambios son especialmente relevantes para quen se atopa en paro de longa duración, é dicir, máis dun ano buscando emprego.

No que respecta a a afiliación, conséntase o mesmo comportamento estacional desta época. Así, o descenso mensual en 2.279 persoas explícase pola habitual redución da actividade dos meses de agosto. Con iso, o número medio de persoas afiliadas neste mes sitúase en 1.111.207, a maior nun mes de agosto de toda a serie histórica.

En termos anuais, hai 18.321 persoas máis afiliadas á Seguridade Social, o que supón un ritmo de creación de emprego do 1,68%. Este dato é o que mellor reflicte a situación do emprego que continúa crecendo e que supón unha evolución sostida e sostible, consecuencia dun crecemento robusto da actividade económica.

Trátase, ademais, dun emprego de maior calidade que o creado antes da reforma laboral de 2021, un



punto de inflexión que introduciu un cambio no tratamento contractual. Isto permitiu que, segundo a información publicada hoxe, haxa unha taxa de temporalidade do emprego afiliado do 16,11%, 14,41 puntos menos que antes de dita reforma.

A mellora da calidade do emprego, que pon de manifesto estes datos de contratación, debe completarse coa mellora da lexislación dos despedimentos. Neste sentido, UGT considera que a Recomendación do Consello de Europa debe incorporar medidas máis eficaces para garantir o cumprimento da Carta Social Europea no que respecta a este ámbito, posto que o Comité de Ministros do Consello de Europa aprobou unha Recomendación na que se instaba ao Goberno español a garantir que o custo das indemnizacións por despedimento inxustificable sexa realmente disuasorio para o empregador. Esta medida tamén contribuiría a que a seguridade laboral aumentase para as persoas traballadoras e gozasen dunha maior estabilidade no seu emprego, o que repercutiría positivamente sobre a produtividade.

En resumo, os datos de paro rexistrado e Seguridade Social reflicten a situación estacional propia de agosto, pero tamén recollen o bo estado do mercado de traballo español, que mantén un ritmo de crecemento do emprego cada vez máis estable. Con todo, aínda existen desafíos como o elevado desem-

prego e, concretamente, o paro de longa duración. É fundamental aplicar novas políticas activas de emprego máis eficaces, así como protexer ás persoas traballadoras para evitar que poidan ser despedidas sen unha indemnización xusta e disuasoria.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeraon públicos esta semana, en Galicia o desemprego subiu en 1.833 persoas con respecto ao mes anterior (1,70%) e no Estado esta cifra tamén medrou, un 0,91%. Pola contra, no ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 8.987 persoas, un 7,57% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 109.691 persoas, mínimo histórico en Galicia nun mes de agosto dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades, subiu no mes nun 6,43%, e no ano a diminución foi dun 7,25%.

Por sexos, no mes o desemprego sube en ambos, un 1,21% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,03%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 8,51% entre os homes e o 6,93% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o

59,7% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 65.485 mulleres, fronte a 44.206 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes sube en todos, excepto no primario. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 0,51%. Pero sube na industria, nun 2,66%; nun 0,65% na construción; en servizos, nun 1,85%; e o 0,92% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 11,3% no primario; o 9,43% na industria; o 12,47% na construción; o 6,6% no sector servizos; e o 8,41% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén sube en todas as provincias. O 2% na Coruña, 1,94% en Lugo,

1,95% en Ourense e un 1,25% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 7,48% na Coruña, 6,69% en Lugo, 6,6% en Ourense e o 8,19% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 26,01%. Realizáronse en agosto un total de 59.106 contratos en Galicia. No mes de agosto de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 7,65%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 65,4%, e no sector primario, do 53,9%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 24,6%, e na industria, do 19,7%.

En canto á taxa de cobertura

por desemprego, esta sitúase no 67,61%, moi por debaixo do 82,39% do Estado, con 66.213 persoas beneficiarias. Deste total, 25.938 perciben subsidios e 958 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 39.317. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

Afiliación

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.111.207 de media mensual, crescendo o 0,20% no mes e aumentando un 1,68% no ano.

CONTINUÁ O CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS NO SECTOR DA HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

Redacción.- Logo da resposta masiva acadada na concentración realizada diante do Burguer Fest da Coruña, as organizacións sindicais CCOO, CIG e UGT anuncian a continuidade do calendario de mobilizacións para esixir un convenio digno na hostalaría da provincia de A Coruña.

As seguintes accións están xa confirmadas:

- 4 e 5 de setembro – Recollida de sinaturas no Obelisco da Coruña, de 10:00 a 13:00 horas.

- 11 de setembro – Recollida de sinaturas na Praza do Toural, Santiago de Compostela, de 10:00 a 13:00 horas.

- 12 de setembro – Recollida de sinaturas na Praza Roxa, Santiago de Compostela, de 10:00 a 13:00 horas.

- 26 de setembro – Concentración na Praza do Toural, Santiago de Compostela, de 11:00 a 12:00 horas, coa entrega de panfletos á cidadanía.

Un sector con beneficios á alza e plantillas precarizadas

Os datos publicados recentemente amosan que a hostalaría da provincia da Coruña viviu un verán de récords de ocupación e actividade:

- No mes de xullo acadouse un 88 % de ocupación hoteleira, tres puntos máis que no ano anterior.



- As terrazas e establecementos do centro rexistraron unha elevada afluencia, especialmente durante as festas, cun volume de negocio significativo.

- A patronal recoñeceu que as cifras de 2025 igualan ou superan ás de 2023, a pesar dalgunhas incidencias climatolóxicas e loxísticas.

Este incremento de facturación e beneficios contrasta coa realidade das persoas traballadoras: salarios que apenas superan o SMI, xornadas abusivas, falta de descansos e ameazas de recortar dereitos como o complemento por Incapacidade Temporal.

Dende os sindicatos insisten en que non se pode pretender atraer nin reter persoal cualificado nun sector que cronifica a precariedade e converte a saúde laboral en moeda de cambio. As altas taxas de baixas por le-

sións musculoesqueléticas, estrés e fatiga crónica confirman que as condicións actuais son insostibles.

Mobilización social

Neste contexto, CCOO, CIG e UGT convocan á cidadanía e ao conxunto das traballadoras e traballadores a participar activamente nas recollidas de sinaturas e na concentración do 26 de setembro en Santiago de Compostela, baixo o lema "Por un convenio digno na hostalaría".

As organizacións sindicais lembran que o éxito económico da hostalaría coruñesa non pode sosterse sobre a precariedade laboral. Se o sector medra en facturación e beneficios, é xusto e necesario que ese crecemento se traduza en melloras reais para as persoas que fan posible o seu funcionamento diario.

UGT REXEITA OS RECORTES DE RYANAIR

Redacción.- Desde o Sector Aéreo de FeSMC-UGT queremos manifestar o noso rexeitamento aos recortes anunciados por Ryanair en distintos aeroportos de España, que inclúen redución de voos, cancelación de roteiros e perda de prazas.

Esta actitude, que non debería sorprender a ninguén, vai condenar a centos de traballadores e traballadoras, de maneira directa ou indirecta.

A traxectoria da empresa irlandesa, non só en España, estivo salpicada sempre por constantes ameazas e ultimátums, aos que lamentablemente se cedeu desde as administracións en forma de axudas públicas, dando como resultado unha compañía empoderada, que sente coa forza dos matóns de barrio.

É a besta que se encargaron de alimentar a través do diñeiro dos españois e as españolas e que agora se volve a rebelar por enésima vez, porque o problema deste tipo de compañías é que para elas nunca é suficiente.

Entenden que teñen a tixola polo mango e fan gala dese poder

Desde o Sector Aéreo de FeSMC-UGT levamos tempo denunciando a este tipo de compañías, cuxas actuacións atentan contra os dereitos non só dos traballadores e as traballadoras senón dos cidadáns e cidadás en xeral.

Sen ir máis lonxe, a nosa organización convocou unha folga na empresa de handling de Ryanair polo constante incumprimento das normas estableci-



das e do seu propio convenio, utilizando para iso a ameaza constante e o castigo desproporcionado contra os seus traballadores e as súas traballadoras.

Dita folga mantense e seguimos denunciando ante as institucións o comportamento ilegal desta compañía.

Fronte a estas denuncias, sentimos dicir que só recibimos morneza por parte das nosas institucións e ningunha intención por parte da empresa para chegar a acordos.

De que poden sorprenderse agora? Esta actuación non é ningunha novidade e non podemos racharnos as vestiduras ante o anuncio de Ryanair. O que fai falta é unha resposta contundente fronte a estes ataques.

Non se pode negociar con depredadores

O mellor que poderían facer é devolver ata o último céntimo das axudas públicas recibidas e que estas se redistribuísen entre outras aerolíneas e que se fixesen cargo dos roteiros e dos cadros de persoal afectados.

Ryanair e as súas filiais contribuíron á precarización do sector e debemos, entre todos os organismos, deixarllas claro que esta é a última vez que se xoga cos traballadores e as traballadoras deste país.

Se se cede ante a súa chantaxe estarase a lexitimar, no ámbito dos dereitos laborais, unha maneira de facer mafiosa e isto no sector aéreo non se pode permitir. Se se segue polo mesmo camiño, ao Sector Aéreo de FeSMC-UGT atopá-sennos enfronte, como ata o de agora.


Vigo acollerá o vindeiro martes a presentación do libro “25 anos de sindicalismo en Citroën”

Jovito Rivas, o que fora sindicalista de UGT na factoría viguesa, é o autor deste libro

Redacción.- O vindeiro martes, día 9, a partir das 19.00 horas o salón de actos da Zona Franca de Vigo acollerá a presentación do libro “25 anos de sindicalismo en Citroën” asinado por Jovito Rivas, que foi secretario xeral da Sección Sindical de UGT na factoría viguesa

durante máis de 20 anos.

No acto participarán, ademais do autor do libro, o alcalde de Vigo, Abel Caballero; e o editor da publicación, Bieito Ledo.



PEPE ÁLVAREZ, SOBRE O PREZO DA VIVENDA: “É ABSOLUTAMENTE IMPOSIBLE QUE COS SALARIOS QUE TEMOS EN ESPAÑA SE POIDA SOBREVIVIR”

O secretario xeral de UGT analiza cuestións da actualidade económica, política e social no tradicional almorzo informativo de principio de curso

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, ofreceu este mércores un almorzo informativo no que abordou cuestións relacionadas coa actualidade económica, política e social. Na súa intervención, Álvarez explicou as principais liñas de acción sindical nas que traballará UGT neste novo curso político.

En primeiro lugar, o secretario xeral amosou a solidariedade do sindicato co pobo palestino “pola masacre” á que se enfrenta. Neste sentido, Álvarez incidiu en que o que se está producindo “é un xenocidio, non hai outra maneira de definilo”. Ademais, o secretario xeral denunciou a “violación do dereito internacional por parte do presidente de EEUU, Donald Trump”.

Sobre a invasión de Rusia en Ucraína, o secretario xeral lembrou que Europa ten que ter voz e planter cara a unha situación que hoxe afecta a Ucraína, “pero que mañá pode afectar a calquera outro país da Unión Europea (UE)”. Doutra banda, Álvarez insistiu en que o medio ambiente e a industria verde debe ser unha das cuestións fundamentais nas que ten que traballar a UE.

Reforma constitucional prioritaria

En relación coa política española, Álvarez esixiu “unha reforma constitucional prioritaria” que contemple “o dereito que temos os cidadáns e as cidadás a que os responsables políticos dígnannos a verdade”. Así, reclamou acabar con esta situación permanente de “bulos e mentiras”.

Responsabilidades tras as emerxencias

O secretario xeral insistiu na necesidade de “asumir responsabilidades” tras a emerxencia polos incendios que arrasaron a península ibérica este verán. “Trátase de ver cales son os aspectos que hai que mellorar porque o que antes eran catástrofes que se podían asumir en certo ámbito, hoxe xa non o



son”, resaltou. Por iso, Álvarez mostrou o seu apoio á creación dun pacto de Estado fronte á emerxencia climática: “É un bo instrumento”, cualificou.

Redución xornada laboral ata as 37,5 horas

Doutra banda, Álvarez falou da redución da xornada laboral ata as 37,5 horas sen diminución salarial. Así, explicou que as organizacións sindicais non dan “nada por perdido”: “Eu creo que esta batalla imos gañala, non sei se na votación do próximo mércores, pero imos gañala”, resolveu.

Indemnizacións por despedimento improcedente. Diálogo social.

En referencia ás indemnizacións por despedimento improcedente, o secretario xeral especificou que nestes momentos hai dúas vías de traballo abertas: “Unha é esixir ao Goberno que expoña este tema nunha mesa de diálogo social tripartita, porque hai que cambiar a lexislación española. En segundo lugar, está a vía xurídica, onde o Tribunal Constitucional ten moito que dicir”, incidiu. “Imos dar esa batalla, que esperamos gañar”, sen-

tenciou.

Salarios. Renovación do AENC

Ademais, Álvarez falou de salarios. Lembrou que este ano se ten que renovar o Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva (AENC): “Esta será a hora da verdade. Veremos se imos usar a negociación colectiva para repartir a riqueza que se está xerando nalgúns sectores de maneira esaxerada”, resaltou. Doutra banda, lembrou que hai que abordar a subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e lembrou que, para UGT, o poder adquisitivo do SMI ten que gañar puntos e que segue “pendente a trasposición da directiva europea sobre salarios mínimos”.

Vivenda

Por último, Álvarez falou de vivenda: “É absolutamente imposible que cos salarios que temos en España pódase sobrevivir. Por iso esta é unha cuestión que hai que atacar e vai ser unha das prioridades do sindicato”. Álvarez tamén chamou ao Goberno para priorizar cuestións que quedaron no caixón, como o Estatuto do Bolseiro: “Queremos que vaia ao Consello de Ministros”, insistiu.